

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 17 de abril de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e un minutos do día 17 de abril do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz Del Cerro Del Río, Vicesecretaria Xeral, e está presente a Viceinterventora, Susana Escaloni Varela

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36907.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de abril de 2026.

2.36908.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICÍONS OFICIAIS NO ANO 2026. (EXPTE. 2026010717)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda en data 07/04/2026 da inicio o expediente para a tramitación das subvencions a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2026.

Terceiro.- En data 08/04/2026 emítase informe xustificativo da subvención a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a participación en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela no ano 2026.



Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 14/04/2026 as bases a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela no ano 2026.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica que as entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ós clubs deportivos que participen en competicións oficiais de calquera ámbito territorial, nas modalidades de piragüismo, remo e vela.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos de participación e adestramento dos equipos e das deportivas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 600.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 26/340.3410.489.22 do Orzamento provincial para o ano 2026.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais no ano 2026 co seguinte contido:



“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NAÚTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS NO ANO 2026

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Deportes, reafirma o seu firme compromiso co fomento da actividade física e deportiva en toda a provincia, asumindo como prioridade o apoio ás entidades deportivas e ás e aos deportistas que participan en competicións. Neste contexto, o deporte náutico constitúe un eixe estratéxico da política deportiva provincial, tanto polo seu profundo arraigamento no territorio coma pola súa contribución ao desenvolvemento social, educativo e económico da provincia.

As modalidades de piragüismo, remo e vela destacan non só polo seu nivel de práctica e tradición na provincia, senón tamén polo seu papel como referentes do deporte galego e estatal, e contan con clubs e deportistas que acadaron un alto nivel competitivo. A través desta liña de subvencións, a Deputación de Pontevedra apoia de forma específica os clubs destas modalidades que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial, co obxectivo de reforzar a súa estrutura, consolidar a súa traxectoria e promover a continuidade da súa actividade.

Desde o punto de vista competencial, e de acordo co disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións provinciais teñen atribuídas competencias para fomentar, promover e difundir o deporte no seu ámbito territorial co obxectivo de facilitarlle o acceso á actividade física e deportiva á cidadanía, co que se contribúe á mellora da calidade de vida e á ocupación activa do tempo de lecer.

Así mesmo, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, recoñécense este e a actividade física como elementos esenciais na sociedade, e sinalase que todas as persoas teñen dereito á súa práctica. Neste sentido, na lei aparecen multitude de referencias á importancia das entidades locais, como xestoras do territorio, á hora de promover e fomentar a práctica da actividade deportiva.

De acordo co artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspóndelles ás deputacións provinciais a competencia para cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social no ámbito provincial. Pola súa parte, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúeselles, nos artigos 109.1.d e 118.d, competencias propias en materia de fomento e administración dos intereses da provincia, así como na organización de actividades orientadas ao impulso da cultura, a educación e o deporte.

En virtude do anterior, a Deputación de Pontevedra aproba estas bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a clubs deportivos da provincia que practiquen as modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela e que participen en competicións durante o ano 2026, conforme o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial. A finalidade destas axudas é colaborar no financiamento dos gastos derivados da súa actividade competitiva durante a tempada 2025-2026 ou ao longo do ano 2026.



Segunda. Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións oficiais de calquera ámbito territorial nas modalidades deportivas de piragüismo, remo e vela.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da LXS, así como nas disposicións concordantes da normativa autonómica aplicable. Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas entidades que teñan pendente de xustificar, con prazo vencido, axudas concedidas no exercicio anterior no marco do mesmo programa.

Terceira. Financiamento e distribución orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.22 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de seiscientos mil euros (600.000€).

A distribución dos orzamentos por modalidades deportivas é a seguinte:

<i>Piragüismo.....</i>	<i>335.000 €</i>
<i>Remo.....</i>	<i>160.000 €</i>
<i>Vela.....</i>	<i>105.000 €</i>

Esta cantidade poderase incrementar nun máximo dun 25 % do importe total, de acordo coas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Este incremento deberá publicarse antes da resolución da concesión nos mesmos medios que a convocatoria e indicarse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases ou, no seu caso, nas súas posibles modificacións.

Cuarta. Réxime xurídico

As subvencións reguladas nestas bases tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O procedemento rexerese por estas bases e pola normativa básica estatal en materia de subvencións, pola normativa autonómica de subvencións de Galicia, pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra vixente e pola normativa xeral de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público.



En todo o non previsto nas normas anteriores aplicaranse de forma supletoria as restantes disposicións do ordenamento xurídico que resulten pertinentes segundo a natureza das actuacións.

Quinta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen durante o período correspondente á tempada 2025-2026, en caso de que esta sexa partida, ou 2026, no caso de tempada anual.

Para os efectos destas bases, subvencionaranse os gastos de participación e adestramento dos equipos e das e dos deportistas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes; estes son:

- *Gastos federativos. Os que se correspondan con gastos emitidos polas federacións deportivas ou similares da actividade deportiva subvencionada.*
- *Gastos de competición e adestramento. Os correspondentes a desprazamentos, aloxamento, manutención, participación, alugueiro de instalacións deportivas, quilometraxe ou calquera outro necesario para asistir ou participar nas competicións ou nos adestramentos da actividade deportiva subvencionada.*
- *Gastos de persoal. Os relativos a soldos, salarios ou retribucións, unicamente das e dos deportistas, técnicos, adestradores ou calquera outro axente necesario para a práctica da actividade deportiva subvencionada.*
- *Gastos de material deportivo. Os que se correspondan coa vestimenta e o equipamento deportivo non inventariable, así como coa reparación e o mantemento do material deportivo necesario para a práctica deportiva subvencionada.*
- *Gastos sanitarios. Os relacionados coa saúde das e dos deportistas no desenvolvemento da actividade deportiva subvencionada.*

Outras normas que se deben ter en conta

- *Quedan excluídos, entre outros, os gastos derivados de seguros, asesorías, telefonía, ITV, así como calquera outro que non teña relación coa práctica da actividade deportiva subvencionada.*
- *En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.*
- *Salvo disposición expresa que indique o contrario, poderase considerar como gasto subvencionable aquel feito e xustificación, aínda que non estea pagado, antes de presentar a xustificación, sempre que se realice no prazo máximo dun (1) mes desde que se lle aboe a subvención á persoa beneficiaria. Este aspecto comprobarase cando se faga o control financeiro.*
- *Non se considerarán gastos subvencionables os que superen o importe de novecentos euros (900 €) e non se paguen por medio dunha entidade financeira. Cando se trate de entidades que non contan con contabilidade, no se considerará subvencionable ningún gasto que non se pague por medio de entidade financeira.*
- *En caso de que se subvencionen conceptos de gastos de actividades non profesionais, servirá de xustificante o recibo no que se acrediten a identificación da persoa beneficiaria da subvención e do suxeito que desempeña a actividade, o concepto, a data, o importe e a xustificación de que se realizou, se procede, a correspondente retención fiscal, que deberá achegarse co xustificante ou recibo.*
- *En caso de compensacións por desprazamentos en vehículos privados, estableceranse sobre a base das tarifas aboadas por quilómetro segundo a normativa vixente.*
- *O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.*



Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Soamente se admitirá unha única solicitude de subvención por cada entidade solicitante.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

As entidades interesadas deberán acreditar a representación mediante un certificado electrónico cualificado de representante ou mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, segundo o previsto no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS).

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

En caso de que as persoas interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Novena. Documentación

As entidades solicitantes presentarán, coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Certificado federativo (anexo I). Certificación oficial expedida pola federación correspondente, na que se detallan os criterios de valoración específicos e previstos nas bases.*
 - *Aqueles clubs de modalidades deportivas que desenvolvan a súa actividade competitiva no ano natural poderán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración xurada na que se detallan os criterios de valoración específicos e*



previstos nas bases. En todo caso, deberán presentar o certificado federativo no prazo de dez (10) días a partir da publicación da proposta da resolución provisional; en caso de presentar un menor número de licenzas, reducirase o importe da subvención proporcionalmente (se se presentasen máis licenzas, teranse en conta as declaradas coa solicitude).

A documentación complementaria deberase presentar electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas entregase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, entenderase que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica Deputación de Pontevedra ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común; estas practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Se o envío electrónico non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrencia competitiva; é dicir, realizarase pola comparación entre as solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e concederánselles co límite fixado na convocatoria, dentro do crédito dispoñible, a aquelas solicitudes que obteñan unha maior valoración ao aplicar os criterios de valoración.

O importe das subvencións calcularase segundo os criterios de valoración recollidos nestas bases. Establécese un importe máximo de subvención de vinte e oito mil euros (28.000 €) e, en todo caso, as axudas non poderán superar o 40 % do orzamento presentado coa solicitude. Unha vez realizada a primeira repartición, e, de quedar diñeiro dispoñible, realizaranse tantas reparticións como sexa necesario e seguirase o mesmo procedemento.

En caso de que nunha liña non se poida repartir todo o orzamento previsto, o importe sobrante incorporárase ao orzamento das outras dúas liñas.

Décimo terceira. Criterios de valoración e cálculo do importe das subvencións

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para asignar os importes, estableceranse os criterios do orzamento achegado coa solicitude e do certificado federativo (anexo I); seguirase a seguinte ponderación:

Criterios de valoración específicos	Ponderación
Orzamento da finalidade subvencionada	50 %
Licenzas federativas	50 %
Total	100 %

- *Determinación dos puntos:*

O procedemento para calcular os puntos acadados por cada entidade determinarase coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntos de cada entidade} = (\text{Orz} * 50 / \text{Sto}) + (\text{Lf} * 50 / \text{Slf})$$

Orz: orzamento presentado

Sto: sumatorio total de orzamentos presentado

Lf: puntuación acadada polo club polas licenzas federativas do certificado federativo presentado

Slf: sumatorio das puntuacións totais acadadas polos clubs polas licenzas federativas

- *Cálculo da puntuación a través das licenzas federativas:*

Licenzas totais da entidade	1 punto/licenza
Licenzas das e dos deportistas en idade formativa ou de base	1 punto/licenza



<i>As licenzas formativas serán ata os 16 anos</i>	
<i>Licenzas das deportistas</i>	<i>1 punto/licenza</i>
<i>Licenzas das e dos deportistas que practiquen deporte adaptado</i>	<i>10 puntos/licenza</i>
<i>Licenzas das e dos deportistas de ámbito estatal (absoluta e previa á absoluta)</i>	<i>10</i>
<i>Licenza expedida pola correspondente federación española</i>	<i>puntos/licenza</i>
<i>Licenzas con categoría de alto nivel da Deputación de Pontevedra (DEPO_DAN, DAN+ e Talento) no ano 2025</i>	<i>5 puntos/licenza</i>
<i>Licenzas de técnicos ou adestradores</i>	
➤ <i>Nivel 3</i>	<i>5 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 2</i>	<i>3 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 1</i>	<i>1 punto/licenza</i>
<i>Licenzas de técnicas ou adestradoras</i>	
➤ <i>Nivel 3</i>	<i>7 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 2</i>	<i>5 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 1</i>	<i>3 puntos/licenza</i>

- *Cálculo do valor do punto das axudas das subvencións:*

O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado á modalidade entre 100.

- *Cálculo do importe das subvencións:*

O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.

Décimo cuarta. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes.

Comprenderá as seguintes fases:

- *Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.*
- *Informe-proposta da xefatura de servizo no que figure a valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de concesión, se explique o sistema de valoración seguido, se relacionen as solicitudes por orde e se sinala a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.*
- *Fiscalización dos expedientes por parte da Intervención.*
- *Informe-proposta por parte da Comisión de Valoración, que estará composta por:*
 - *Presidenta ou presidente: a xefa ou xefe do Servizo de Deportes.*
 - *Vogal: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes.*
 - *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Deportes.*
- *Proposta de resolución provisional: o órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, e establecerase un período de dez (10) días naturais desde o mesmo día da súa publicación para presentar alegacións ou renunciar á subvención proposta. En caso de non haber modificacións, elevarase a definitiva.*
- *Informe-proposta dos expedientes que presenten alegacións ou renuncias.*



- *Proposta de resolución definitiva: logo de examinadas as alegacións e as posibles renuncias, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá incluír a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos de exclusión. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.*
- *Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.*

Décimo quinta. Resolución do procedemento

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instructor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo sexta. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da LSG, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra de ámbito estatal, de ámbito inferior ao estatal, e coas consignadas nominativamente no orzamento para o ano 2026 da Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Procedemento de xustificación e pagamento

As entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de xaneiro de 2027. As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos, a través dos modelos normalizados accesibles na sede electrónica, segundo o previsto na base décima destas bases.



Para a xustificación, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- *Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos*

Na xustificación de gastos relacionaranse os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento estimado coa solicitude.

- *En caso de que se xustificuen gastos por un importe igual ou superior ao do orzamento presentado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustificuen gastos inferiores ao 100 % e igual ou superiores ao 50 % do orzamento presentado, aboarase a parte proporcional da subvención.*
- *En caso de que se xustificuen gastos inferiores ao 50 % do orzamento presentado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará ningunha cantidade.*
- *Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida, e declararase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.*
- *En caso de necesitar relacionar máis facturas, utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (anexo III).*

Na xustificación de ingresos relacionaranse as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada e declararase que o importe das subvencións concedidas por estes e os fondos propios ou privados para a actividade subvencionada non superaron o importe total dos gastos para a dita actividade.

En caso de que coa suma da subvención concedida e dos ingresos doutras subvencións ou axudas os clubs superasen o custo da finalidade subvencionada ou obtivesen beneficios, aboarase a parte proporcional da subvención para que non se supere o custo da actividade subvencionada.

- *Xustificación con facturas*

As entidades beneficiarias presentarán facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.

- *Anexo IV. Memoria de difusión*

Memoria na que se xustificuen as medidas de publicidade e difusión da subvención por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.

- *En caso de que as entidades non xustificasen correctamente as medidas de publicidade e difusión, o Servizo de Deportes poderá establecer unha dedución máxima de ata o 10 % sobre o importe da subvención. Para a imposición destas deducións non fará falta tramitar un procedemento especial distinto ao da xustificación da subvención; o pago desta farase descontando o importe da dedución do importe concedido.*
- *A falta de xustificación total das medidas de difusión dará lugar á perda total do dereito ao cobro da subvención.*

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- *Os gastos presentados na conta xustificativa deberán pagárselles ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. En caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.*



- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e mais a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pago en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900 €) implicará que este se considere non subvencionable.*
- *En caso de clubs que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.*
- *Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda do dereito a cobrar a subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.*

O pagamento das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación, mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para cobrar a subvención os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Décimo oitava. Obrigas en materia de publicidade e deducións por incumprimento

As entidades beneficiarias destas axudas deben levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión e publicidade para cumprir coas condicións establecidas. O incumprimento das medidas podería establecer deducións dunha porcentaxe da subvención concedida, segundo se detalla a continuación:

1. Roupa e equipamento de competición ou adestramento (dedución máxima do 5 % en caso de incumprimento):

<i>Tamaño do logo</i>	<i>Clubs con subvención > 5.000 €</i>	<i>Clubs con subvención ≤ 5.000 €</i>	<i>Dedución por incumprimento</i>
<i>Roupa de competición</i>	<i>Mínimo de 20 x 5 cm</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>- Se non ten logo, un 3 % - Se non cumpre a medida, un 1 %</i>
<i>Roupa de adestramento ou viaxe</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>Opcional</i>	<i>- Se non ten logo, un 1 %</i>
<i>Roupa de competición do resto dos equipos</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>Opcional</i>	<i>- Se non ten logo, un 1 %</i>

2. Espazos físicos e dixitais (dedución máxima do 5 % en caso de incumprimento):

- *As entidades que dispoñan de espazo físico, como pode ser a instalación de competición ou adestramento, sede ou instalación para gardar o material, ou un club náutico, deberán colocar un mínimo de lonas publicitarias, as cales deberán situarse en lugares estratéxicos que aseguren a súa adecuada visibilidade.*
- *As entidades que dispoñan de vehículo deberán engadir o logo neles.*



- *As entidades deberán engadir o logo na súa páxina web e redes sociais oficiais.*

<i>Espazos físicos e dixitais</i>	<i>Clubs con subvención > 5.000 €</i>	<i>Clubs con subvención ≤ 5.000 €</i>	<i>Dedución por incumprimento</i>
<i>Lonas publicitarias nas instalacións do club</i>	<i>2 lonas de 3 × 1 m (instalacións de competición ou adestramento ou club náutico) + 1 lona de 3 × 1 m (sede ou instalación para gardar o material)</i>	<i>1 lona de 3 × 1 m (instalacións de competición ou adestramento ou club náutico) + 1 lona de 3 × 1 m (sede ou instalación para gardar o material)</i>	<i>- Por cada lona que non estea colocada, un 1 %</i>
<i>Vehículos do club</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>- Se non está, un 1 %</i>
<i>Páxina web ou redes sociais</i>	<i>Deberá estar na páxina web ou redes sociais</i>	<i>Deberá estar na páxina web ou redes sociais</i>	<i>- Se non está, un 1 %</i>

En caso de incumprimento das medidas publicitarias establecidas, os clubs deberán presentar unha xustificación detallada que explique as razóns deste incumprimento. Esta xustificación avaliará a entidade subvencionadora e poderá dar lugar a unha revisión da subvención. Así mesmo, se os clubs levan a cabo outras accións publicitarias adicionais non contempladas nestas bases, deberán garantir que a Deputación, do mesmo xeito que outras administracións públicas que participen, sexan incluídas nas devanditas accións publicitarias, respectando sempre o principio de proporcionalidade en función da achega de cada Administración.

As subvencións de menos de mil cincocentos euros (1.500 €) só terán que xustificar a difusión por medio dalgún dos apartados antes citados.

Todos os gastos derivados da produción dos elementos publicitarios mencionados correrán a cargo da entidade subvencionada, que se compromete a actualizar todos estes soportes publicitarios antes de presentar a xustificación.

De non incluír a imaxe da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos, debido ás características da modalidade deportiva ou de calquera outra circunstancia, deberase propoñer unha alternativa, que será estudada polo Servizo de Deportes, para posteriormente propoñer a súa aprobación ou unha dedución da subvención.

A Deputación de Pontevedra poñerá á disposición das entidades subvencionadas os logotipos oficiais da imaxe corporativa en www.depo.gal (área de descargas).

As entidades solicitantes deberán ter en conta para futuras actuacións estas medidas de difusión á hora de deseñar novos equipamentos ou calquera outra medida.



Décimo novena. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir o seguinte:

- *As medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos nestas bases.*
- *Os demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións.*
- *Aprobar a liquidación da tempada mediante un acordo da asemblea ou do órgano competente da entidade deportiva e nel referirse de xeito expreso, e con carácter mínimo, o importe total dos gastos, de ingresos e o resultado da tempada. Ao abeiro do disposto no artigo 56 da LXS, o incumprimento desta obriga formal considerarase infracción leve, comprobación que se realizará posteriormente no caso dun control financeiro.*

Vixésima. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito a cobrar a subvención, total ou parcialmente, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- *Por incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.*
- *Por incumprir as obrigas de xustificación.*
- *Por incumprir as obrigas de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibido.*
- *Polas demais causas establecidas na normativa de subvencións.*

Vixésimo primeira. Control financeiro

O beneficiario, de acordo co establecido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016, estará suxeito ao control financeiro que se poida exercer no prazo de catro (4) anos, contados desde o pagamento da subvención, e indicaráselle que, en caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios, independentemente do seu importe.

O control financeiro fará referencia a todos os gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar a totalidade de gastos finais resultantes dos gastos subvencionables presentados coa solicitude, así como o resto de gastos que a entidade estime imputables á tempada (posibles gastos que non se reflecten na solicitude).

Esta contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables co total de gastos e de ingresos; en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme a lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

É importante determinar o inicio e a finalización da tempada e os gastos e ingresos que se lle imputan, especialmente en caso de que existan outras actividades complementarias, compatibles co seu obxecto social, de carácter industrial, comercial ou de servizos, e destinar os seus bens ou recursos a estes obxectivos (como poden ser escolas deportivas, eventos, campus deportivos...). Estas actividades deberán reflectirse nos libros contables de maneira independente e, en caso de que a entidade presentase un balance anual positivo, debe quedar reflectido a que actividade se lle imputa ese superávit.

Vixésimo segunda. Órgano de aprobación



De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2026 e cumprindo co establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo terceira. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

- En data 02/05/2025, mediante acordo da Xunta de Goberno número 6.35146, concedeuse ao *Concello de MEAÑO*, polo procedemento de concorrència non competitiva, unha subvención para o financiamento do investimento “*ENSANCHE E MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN MEAÑO*” (*expediente*: 2025021358), polo importe de 400.689,67 euros, en base a un orzamento de 401.084,15 €, correspondendo ao Concello completar o orzamento con fondos propios.
- En data 03/03/2026, ten entrada no rexistro da Deputación (WEB2026015014), instancia xenérica do *concello de Meaño* na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento “*ENSANCHE E MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN MEAÑO*”.
- Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 32ª do Plan + Provincia 2025 liña 1; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/03/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 32ª reguladora do Plan +Provincia 2025 liña 1, relativa os excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación, e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 04/03/2026 e do xefe do servizo de Cooperación de data 10/03/2026 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 08/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o modificado do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente, polo novo documento técnico, presentado en data 03/03/2026 co rexistro de entrada WEB2026015014, que rexerá a execución do investimento “ENSANCHE E MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN MEAÑO” (expediente: 2025021358), sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin o importe do orzamento e subvención concedida mediante o acordo adoptado na Xunta de Goberno número 6.35146 do día 2 de maio de 2025.
- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno número 6.35146 do día 2 de maio de 2025, excepto nos condicionantes que quedan resoltos coa incorporación do novo documento técnico.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de MEAÑO*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.



15.36921.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN DO PALACETE DAS MENDOZA (SEDE TURISMO RÍAS BAIXAS)". (EXPTE. 2024039103)

Resultando.- Que o Palacete das Mendoza, propiedade da Deputación de Pontevedra, é un edificio histórico, situado entre a avenida de Santa María e a rúa Arcebispo Malvar, no límite oeste do casco antigo de Pontevedra, albergando actualmente a sede central de Turismo Rías Baixas.

Resultando.- Que o Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Arquitectura a necesidade de minimizar e evitar un deterioro progresivo do Palacete das Mendoza. En consecuencia compre realizar traballos de conservación e mantemento, que consisten principalmente en resolver as patoloxías existentes e minimizar e evitar un maior deterioro tanto dos elementos de fachada (muros, carpinterías, varandas, etc...) como dos espazos interiores, ademais de mellorar as condicións de habitabilidade e salubridade.

Resultando.- Que tamén é necesario intervir sobre o peche perimetral da parcela, consistente nun zócalo de pedra sobre o que se instala un enreixado metálico e que actualmente se atopa moi deteriorado.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo arquitecto David Vázquez García, o proxecto básico e de execución das “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (Sede de Turismo Rías Baixas)” cun orzamento base de licitación de 373.973,91 € IVE Incluído ó que se lle asinou o código CSV: 59XXG1SK3YQYN60M, e a Memoria de Intervención, á que se lle asinou o código CSV: 67DJ3I4PUI37LGL0.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Turismo e Xuventuda, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC número 12026000013257, por importe de 307.735,79 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.632.03.2024 e RC documento RC número 12026000026255, por importe de 66.238,12 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.632.03.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de febreiro de 2026 acordou aprobar a memoria de intervención e o proxecto básico e de execución da obra “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (Sede de Turismo Rías Baixas)”, redactados polo arquitecto David Vázquez García, cun orzamento base de licitación de 373.973,91 € IVE engadido. Ó proxecto básico asignóuselle o código CSV: 59XXG1SK3YQYN60M e á memoria de intervención asignóuselle o código CSV: 67DJ3I4PUI37LGL0.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV:ODR3HUBFTXFSBP4Q prórroga dos prazos establecidos na licenza urbanística concedida polo Concello de Pontevedra para a execución desta obra.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: FNP6L8G76NT8GJLA, informe do Secretario Xeral da Deputación.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: MSC6ZZ1IM2W0QJCM, informe favorable de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”



Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)*” cun orzamento base de licitación de 373.973,91 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	309.069,35 euros
IVE (21%).....	64.904,56 euros
Importe Total.....	373.973,91 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): TVNRDA3GRUU2G7HH, e de prescricións técnicas formado pola memoria de intervención e o proxecto básico e de execución da obra “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (Sede de Turismo Rias Baixas” con CSV: 59XXG1SK3YQYN60M e CSV: 67DJ3I4PUI37LGL0.
3. Autorizar o gasto por importe de 373.973,91 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/433.4320.632.03.2024 e 26/433.4320.632.03.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



16.36922.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE VISITAS TEATRALIZADAS PARA O CASTELO DE SOUTOMAIOR E O CASTELO DE SOBROSO. (EXPTE. 2025073243)

Resultando.- Que, desde o punto de vista competencial, as actividades do Servizo de Turismo, e en particular a presente, fundamentanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial, conforme ao disposto no artigo 36.1.d) da Lei de Bases de Réxime Local, contando coa participación dos axentes turísticos, tanto públicos como privados, así como da poboación local da provincia de Pontevedra.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra ostenta a propiedade patrimonial do Castelo de Soutomaior desde o ano 1982. Este inmovible, situado no municipio do mesmo nome, está declarado Ben de Interese Cultural (BIC), o que implica un réxime específico de protección patrimonial. No conxunto do recinto destaca tamén o xardín botánico, cunha extensión próxima ás 30 hectáreas e de orixe no século XIX.

O citado castelo atópase inmerso nun proceso de adaptación a un novo modelo acorde coa evolución do mercado turístico, os canles de comercialización e os hábitos das persoas viaxeiras. Neste sentido, a musealización levada a cabo no ano 2018, en execución do Plan Director dos Castelos de Soutomaior e Sobroso aprobado en 2015, responde á necesidade de prestar servizos axeitados á demanda actual, de acordo cos principios museolóxicos asumidos a nivel internacional.

Este proceso implica a adopción de medidas de xestión orientadas á mellora dos servizos e das actividades ofrecidas, entre as que destacan as visitas teatralizadas, co obxectivo de dar resposta á crecente demanda e ás condicións actuais do sector.

Cómpre sinalar que, nos últimos anos, as visitas teatralizadas realizadas no Castelo de Soutomaior tiveron unha elevada acollida por parte do público, o que xustifica a conveniencia de dar continuidade á prestación deste servizo.

En consecuencia, no ano 2024 tramitouse un procedemento aberto para a contratación do servizo de visitas teatralizadas nos castelos de Soutomaior e Sobroso, o cal foi declarado deserto mediante acordo da Xunta de Goberno nº 26.33775, de data 14 de febreiro de 2025.

Resultando.- Que o servizo de Turismo non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do devandito contrato, xa que se tratan de traballos que con levan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir, pola intervención de diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular. Polo que, resulta necesaria e conveniente a súa externalización, sinalando que as mesmas non teñen carácter continuo ao longo do ano.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 29 de xaneiro de 2026 e CSV: AI3PVZ1E0W4F0EVL, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe no que, co visto e prace do deputado delegado, propón a



contratación do “servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso”, caracterizándose por realizar visitas teatralizadas no castelo de Soutomaior e no castelo de Sobroso, ata un máximo de 54 visitas. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que visto que con data 29 de xaneiro de 2026, a Intervención emite os documentos RC, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Nº documento contable	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
2026	12026000021960	26/433.3360.226.09	71.813,04 €
2026	12026000021961	26/433.3363.226.09	16.321,15 €

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 23 de febreiro de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 25 de febreiro de 2026 e CSV: HWYDQJC1ZGO6JYLQ, e as observacións contidas no mesmo.

Resultando.- Que visto que con data 26 de febreiro de 2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que con data 31 de marzo de 2026 de 2026 e CSV: ERQHIMB5G1ST9458, o servizo emite informe complementario mediante o que se introducen correccións na providencia de inicio.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 01 de abril de 2026 e CSV: DIYAPC6NJVNURDCM, e observacións e recomendacións nel contidas.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 06 de abril de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado de servizos, dos encadrados no Anexo IV. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).

Considerando.- O artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- O previsto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.



Considerando-. Os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante.

Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando-. O artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso”. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 88.134,19 € (IVE engadido) para un máximo de 54 visitas, desagregado como segue:

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
72.838,17 €	15.296,02 €	88.134,19 €

Esta contratación fórmase en base a prezos unitarios, concretándose o orzamento máximo de licitación unitario por visita como segue:

Concepto	Unidades máximas estimadas	Prezo unitario de licitación (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario de licitación (co IVE)
Visitas teatralizadas	54	1.348,86 €	283,26 €	1.632,11 €

O valor estimado é de 291.352,68 euros.



O prazo de duración do contrato será de (1) un ano, a contar desde a data de formalización do contrato. Os prazos de execución para a realización das visitas teatralizadas previstos, con carácter estimativo, son en outono (meses de outubro e novembro) e no Nadal (Decembro).

Preverse 3 prórrogas de (1) un ano de duración cada unha, sendo fixado o prazo de execución de cada unha polo servizo de Turismo Rías Baixas, dentro dos mesmos períodos do ano considerados no contrato inicial.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: SSAWFZEUKVAZS6MT) e de prescricións técnicas (CSV: FXPNIHCPH12GLKDT) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 88.134,19 euros, conforme á seguinte distribución orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/433.3360.226.09 Gastos en actividades culturais e deportivas ou na súa vinculación xurídica	71.813,04 €
2026	26/433.3363.226.09 Gastos en actividades culturais e deportivas ou na súa vinculación xurídica	16.321,15 €

4.- Nomear responsable do contrato a Amanda Sartier Saburido, técnica adscrita ao servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa na que esta delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de *15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.*

17.36923.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (EXPTE. 2025051593)

Resultando que a Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o día 12 de decembro de 2025 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas.

Resultando que o procedemento convocouse mediante anuncio licitación enviado para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 12/12/2025 e publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de decembro de 2025. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Resultando que a Mesa de Contratación, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, na súa sesión do día 15 de xaneiro de 2026, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- Pablo Abalo Barreiro (NIF 35598216N)
- ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF A36196418)
- S22 DIGITAL SL (CIF B87951232)
- STRATEGIA INFINITA S.L.U (CIF B47767785)
- VIAJES FISTERRA, S.L (CIF B36050656)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rias Baixas para a súa valoración.

Resultando que, con data 18 de marzo de 2026 o servizo de Turismo Rias Baixas emite informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (CSV: (F78ZY6DOOW0HPIS6).

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 5 de marzo de 2026, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Resultando que a Mesa de Contratación, na sesión do día 20 de marzo de 2026, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF A36196418), polos prezos e valores ofertados. (CSV SL4RPM3HL1IVAJ68).

Resultando que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 24 de marzo de 2026, comproba que a empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF A36196418) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1915, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026002476, de 27 de marzo de 2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF A36196418) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



Resultando que a empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF A36196418), presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2026028849 de data 6 de abril de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.968,61 € (carta de pago núm. operación 12026000064905, do 07/04/2026).

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación as seguintes ofertas:

-A oferta presentada pola empresa PABLO ABALO BARREIRO por non acadar unha puntuación mínima do 50 % dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (20 puntos).

-A oferta presentada pola empresa VIAJES FISTERRA, S.L ao incluír no sobre B de documentación técnica datos que deberían figurar na proposta correspondente aos criterios avaliábeis automaticamente tendo en conta o indicado na cláusula 7 d) sobre B do PCAP que indica: “NOTA IMPORTANTE: A inclusión de documentos ou información que permitan deducir información respecto do criterio de adxudicación do Sobre C implicará a exclusión do procedemento.

2.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rias Baixas á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF A36196418), polos seguintes prezos e valores ofertados:



	CONCEPTO	Unidades	Prezo unitario ofertado sen IVE	Total ofertado
WORKSHOP	Xestión e coordinación	2	8.854,46 €	17.708,92 €
	Persoal auxiliar	4	262,25 €	1.049,00 €
	Sinalización de empresas reutilizables	28	175,03 €	4.900,90 €
	Rotulación accesos á sede	4	224,40 €	897,60 €
	Photocall	1	574,47 €	574,47 €
	Letras en volumen	1	749,50 €	749,50 €
	Acreditacións personalizables + landyards	300	3,48 €	1.042,95 €
	Lista de empresas/ficha de participación en sorteo/ Furna/ Tarxetas de premio	2	62,44 €	124,88 €
ESTRUTURAS E MOBILIARIO	Módulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 cm)	24	33,66 €	807,84 €
	Tarima de escenario modular	24	26,93 €	646,27 €
	Moqueta feiral m2	20	6,73 €	134,64 €
SON	Pantalla led tamaño 4x3 m pixel pitch 2.6	2	2.550,00 €	5.100,00 €
	Mesa control dixital 64 CH entrada 64 CH salida 24 buses	2	527,35 €	1.054,70 €
	Caixa dixital 32/34	2	246,84 €	493,68 €
	Caixa auto amplificada 1000 w mínimo 12"	2	56,10 €	112,20 €
	Caixa de son dispersión lineal 22.5-60 grados 1200 w	2	56,10 €	112,20 €
	Amplificador dixital	2	84,15 €	168,30 €
	Micrófono inalámbrico dixital	4	50,49 €	201,96 €
	Micrófono de cable necesarios para amplificación instrumental	10	28,05 €	280,50 €
	Distribuidor de prensa	2	56,10 €	112,20 €



VIDEO	Ordenador portátil mínimo 17 polgadas	2	112,20 €	224,40 €
	Vídeo reportaxe de 2 minutos + reportaxe fotográfico	2	1.275,00 €	2.550,00 €
ACTIVIDADE GASTRONÓMICA	Servizo de restauración	180	63,75 €	11.475,00 €
	Actuación musical ou similar	2	1.275,00 €	2.550,00 €
	Presentador ou presentadora	2	1.275,00 €	2.550,00 €
ESPAZOS	Aluguer de sala	2	8.075,00 €	16.150,00 €
ASISTENTES	Custos da xestión dos asistentes do destino Rías Baixas	70	680,00 €	47.600,00 €
TOTAL				119.372,11 €

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2026 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria . 26/433.4320.227.75 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: parcial.

Fitos de facturación:

Os pagos a empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas unha vez realizados os traballos conforme ao establecido nos pregos, polo que o pago realizarase fraccionado en función dos servizos e traballos efectivamente realizados.

A modo de conformidade da mesma será precisa a expedición dun informe de conformidade por parte da persoa responsable do contrato.

Os fitos de facturación son os seguintes:

- Á finalización dos traballos previos a un workshop: 60%
- Á finalización dos traballos de un workshop: 40%

En todo caso, con cada factura a empresa adxudicataria deberá presentar un informe xustificativo dos traballos realizados e coa última factura de cada workshop deberá presentar ademais do informe xustificativo os entregables que se indican no PPT.

O orzamento indicado é máximo, así como o importe de adxudicación resultante, polo que a cantidade final destinada a sufragar os gastos que se deriven das prestacións obxecto do contrato, estará condicionada ás distintas prestacións realizadas derivadas das



necesidades reais de Deputación de Pontevedra, sen que quede obrigada a esgotar o citado orzamento e/o importe de adxudicación resultante.

As cantidades son estimadas polo que en función das necesidades solicitarase o servizo. Para a determinación dos distintos elementos levantarase un acta previa á súa produción e execución no que se determina o elemento, unidades e dimensións, polo que a empresa adxudicataria facturará soamente polos mesmos e como cantidade máxima a indicada nos prezos unitarios ou na acta se se produciran modificacións que en todo caso non será superior ao orzamento máximo establecido nesta contratación.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025051593	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa do Servizo Turismo Rías Baixas.

A empresa adxudicatario deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

18.36924.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026010825)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 20 de marzo de 2026, punto núm. 20.36277, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Agolada, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE AGOLADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	2 pavimentadores/as, 1 poceiro/a para redes de saneamento e 2 mantedores/as de edificios a xornada completa durante 9 meses; 1 pegador/a de carteis (reservada a persoas con discapacidade recoñecida superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses e 1 socorrista a xornada completa durante 2 meses	98.253,19 €	95.941,05 €	2.312,14 €	95.941,05 €



- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026024234, do 26/03/2026, solicita reformular a solicitude inicial en relación á duración dos postos de pavimentadores/as, de poceiro/a para redes de saneamento e de mantedores/as de edificios previstos inicialmente e solicitar a contratación doutro poceiro/a para redes de saneamento polo tempo restante (5 meses).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓN:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de modificar a duración dos postos de pavimentadores/as, de poceiro/a para redes de saneamento e de mantedores/as de edificios previstos inicialmente e solicitar a contratación doutro poceiro/a para redes de saneamento polo tempo restante (5 meses), o interesado solicita a modificación do acordo de concesión permanecendo invariable o importe do orzamento e da subvención conforme á seguinte táboa:



CONCELLO DE AGOLADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	2 pavimentadores/as, 1 poceiro/a para redes de saneamento e 2 mantedores/as de edificios a xornada completa durante 8 meses; 1 poceiro/a para redes de saneamento a xornada completa durante 5 meses, 1 pegador/a de carteis (reservada a persoas con discapacidade recoñecida superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses e 1 socorrista a xornada completa durante 2 meses	98.253,19 €	95.941,05 €	2.312,14 €	95.941,05 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: R7A9WD0DP7ONTKET) e da dilixencia de Intervención (CSV: J0RSNEPD7ACXRNAD) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 20 de marzo de 2026, punto núm. 20.36277, no referente á subvención concedida ó Concello de Agolada, CIF núm. P3602000F, que queda como segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	8	2 pavimentadores/as, 1 poceiro/a para redes de saneamento e 2 mantedores/as de edificios a xornada completa durante 8 meses; 1 poceiro/a para redes de saneamento a xornada completa durante 5 meses, 1 pegador/a de carteis (reservada a persoas con discapacidade recoñecida superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses e 1 socorrista a xornada completa durante 2 meses	95.941,05 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

19.36925.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A LAMA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA3) (EXPTE.2026006863)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm. 4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 06 de marzo de 2026, punto núm. 21.36182, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de A Lama, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:



CONCELLO DE A LAMA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	2 operadores/as de maquinaria forestal móvil, 1 condutor/a de camión e 3 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a de limpeza e 1 conserxe en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 6 meses	109.729,89 €	109.729,89 €	0,00	109.729,89 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026025398, do 30/03/2026, solicita reformular a solicitude inicial por cambio dunha categoría pasando de 2 operadores/as de maquinaria forestal móvil a 1 peón forestal e 1 conserxe máis, permanecendo invariable a xornada e a duración prevista inicialmente. O cambio de categoría non supón modificación económica ao ser o mesmo grupo de cotización.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓNS:



En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia do cambio dunha categoría pasando de 2 operadores/as de maquinaria forestal móvil a 1 peón forestal e 1 conserxe máis sen variar a duración de 9 meses prevista inicialmente, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE A LAMA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	1 condutor/a de camión, 4 peóns forestais e 1 conserxe en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a de limpeza e 1 conserxe en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 6 meses	109.729,89 €	109.729,89 €	0,00 €	109.729,89 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: FNNKYIQEL7VAQW6W) e da dilixencia de Intervención (CSV: O9345L4XILODOMR5) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 06 de marzo de 2026, punto núm. 21.36182, no referente á subvención concedida ó Concello de A Lama, CIF núm. P3602500E, que queda como segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Lama (P3602500E)	9	1 condutor/a de camiión, 4 peóns forestais e 1 conserxe en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 peón operario/a de limpeza e 1 conserxe en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 6 meses	109.729,89€

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

20.36926.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE.2026003245)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 6 de febreiro de 2026, punto núm. 30.36046, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Oia, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:



CONCELLO DE OIA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	1 condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 10 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses	107.112,88 €	107.112,88 €	1.707,26 €	105.405,62 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026021315, do 18/03/2026, solicita reformular a solicitude inicial por actualización dos costes salariais, como consecuencias da subida do SMI, e pola minoración da duración na contratación do posto de condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia da actualización dos costes salariais e a minoración da duración no posto de condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista), o interesado solicita a modificación do acordo de concesión incrementando o importe do orzamento e da achega municipal permanecendo invariable o importe da subvención conforme á seguinte táboa:



CONCELLO DE OIA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	1 condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 9 meses e 9 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses	109.142,29 €	109.142,29 €	3.736,67 €	105.405,62 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 8EO5YPBNMHN1GM34) e da dilixencia de Intervención (CSV: I914331MMM1DHKB8) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 6 de febreiro de 2026, punto núm. 30.36046, no referente á subvención concedida ó Concello de Oia, CIF núm. P3603600B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Oia (P3603600B)	7	1 condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 9 meses e 9 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses	105.405,62 €



2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

21.36927.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE.2026009178)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm. 4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 20 de marzo de 2026, punto núm. 7.36264, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Poio, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:



CONCELLO DE POIO					
Data de presentación:		19/02/2026 (registro WEB2026010553)			
Data de emenda:		25/02/2026 (registro WEB2026012201)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
23	1 operario/a canceiro/a, 2 operarios/as de servizos varios e 2 oficiais de 1ª electricistas en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 8 meses; 3 subalternos/conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 8 meses; 2 traballadores/as do ciclo superior de turismo e 1 traballador/a social en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial de 1ª condutor/a de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 5,5 meses; 3 operarios/as de servizos múltiples praias e 1 animador/a sociocultural en xornada de 32,5 h./sem. durante 4,5 meses; 2 oficiais de 1ª condutores/as de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 auxiliar de clínica (T.C.A.E) en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses	244.496,48 €	244.496,48 €	14.514,33 €	229.982,15 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no registro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026022748, do 24/03/2026, solicita reformular a solicitude inicial por cambio dunha categoría pasando dun traballador/a social a un educador/a social, permanecendo invariable a xornada e a duración prevista inicialmente. O cambio de categoría non supón modificación económica ao ser o mesmo grupo de cotización.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia do cambio dunha categoría pasado dun traballador/a social a un educador/a social sen variar a duración de 7 meses prevista inicialmente, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión conforme á seguinte táboa:



CONCELLO DE POIO

Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
23	1 operario/a canceiro/a, 2 operarios/as de servizos varios e 2 oficiais de 1ª electricistas en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 8 meses; 3 subalternos/conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 8 meses; 2 traballadores/as do ciclo superior de turismo e 1 educador/a social en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial de 1ª condutor/a de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 5,5 meses; 3 operarios/as de servizos múltiples praias e 1 animador/a sociocultural en xornada de 32,5 h./sem. durante 4,5 meses; 2 oficiais de 1ª condutores/as de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 auxiliar de clínica (T.C.A.E) en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses	244.496,48 €	244.496,48 €	14.514,33 €	229.982,15 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: W0RBSEB1C2P2DUH) e da dilixencia de Intervención (CSV: N2NQMDFG9NLM4DDH) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 20 de marzo de 2026, punto núm. 7.36264, no referente á subvención concedida ó Concello de Poio, CIF núm. P3604100B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Poio (P3604100B)	23	1 operario/a canceiro/a, 2 operarios/as de servizos varios e 2 oficiais de 1 ^a electricistas en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 8 meses; 3 subalternos/conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 8 meses; 2 traballadores/as do ciclo superior de turismo e 1 educador/a social en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial de 1 ^a condutor/a de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 5,5 meses; 3 operarios/as de servizos múltiples praias e 1 animador/a sociocultural en xornada de 32,5 h./sem. durante 4,5 meses; 2 oficiais de 1 ^a condutores/as de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 auxiliar de clínica (T.C.A.E) en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses	229.982,15 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



22.36928.- MODIFICACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA DA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE PRADERREI RELATIVA AO INVESTIMENTO “MELLORA DA CLIMATIZACIÓN DO BAIXO E PRIMEIRO ANDAR DA CASA DA FARDOIA” NO MARCO DO PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025. (EXPTE. 2025015884)

ANTECEDENTES

Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 5.35766 de data 14/11/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan Provincia Comunitaria 2025, por importe de 9.808,69 euros á Asociación veciñal de Praderrei co obxecto do financiamento da actuación “Mellora da climatización do baixo e primeiro andar da Casa da Fardoia” (expediente: 2025015884), en base a un orzamento de 9.808,69 euros.

En data 10/03/2026 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co rexistro número WEB2026018364, instancia da á Asociación veciñal de Praderrei, na que solicita a modificación da concesión da subvención concedida.

A entidade interesada achega documento de memoria modificada na que expón que o proxecto obxecto de subvención está conformado por dúas actuacións conducentes a mellora da climatización do local social denominado Casa da Fardoia, no lugar de Praderrei, a actuación a modificar correspondería á instalación dun insert de leña nunha estrutura de xeso laminado. A falta de dispoñibilidade dos provedores inicialmente consultados para a obtención dos orzamentos, así como a baixa dispoñibilidade de man de obra alternativa para o desenvolvemento da referida actuación provoca que sexa imposible a súa execución dentro do prazo concedido. Proponse unha modificación que permite acadar idéntico resultado ao inicial sen incremento de custos. A modificación do proxecto inicial parte da variación do equipo de calor de leña inicialmente previsto e que precisaba dunha estrutura de xeso laminado na que ser inserido, a unha estufa de leña de semellantes características o modelo TKS15, con ventilación e potencia non inferior, e que conta cunha estrutura propia, coa fin de solventar a ausencia de profesionais na construción de elemento de xeso laminado. Como consecuencia desta alteración, modifícanse tamén os elementos accesorios necesarios par a súa instalación como tubaxes, elementos de ventilación e outros análogos, atendendo aos requirimentos deste novo dispositivo.

Na nova memoria técnica indícanse con claridade os traballos a realizar e motívase a necesidade do cambio nas melloras substanciais sobre o proxecto inicial.

Polas características do investimento solicitado e segundo a lexislación vixente, é precisa a tramitación da correspondente licenza urbanística.

Revisada a documentación, a solicitude compre os requisitos esixidos na base décimo sétima do programa Plan Provincia Comunitaria 2025, contando con informe de supervisión favorable da facultativa técnica de Servizo de Cooperación.

– FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA I.- NORMATIVA EXAMINADA



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan Provincia Comunitaria 2025.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan Provincia Comunitaria 2025, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 17ª do Plan Provincia Comunitaria 2025, reguladora da modificación da resolución de concesión.

CONCLUSIÓNS

A Asociación veciñal de Praderrei presentou en prazo e forma a documentación necesaria para autorizar a modificación da memoria correspondente a actuación “Mellora da climatización do baixo e primeiro andar da Casa da Fardoia” (expediente 2025015884) e para a cal foi concedida, no marco do Plan Provincia Comunitaria 2025 (BOPPO: 20/12/2024) unha subvención por importe de 9.808,69 euros.

A modificación presentada consiste, no cambio na instalación dun insert de leña nunha estrutura de xeso laminado proposta nun principio a unha estufa de leña de semellantes características ao modelo TKS15, con ventilación e potencia non inferior, e que conta cunha estrutura propia, coa fin de solventar a ausencia de provedores así como de profesionais na construción de elemento de xeso laminado. Como consecuencia desta alteración, modifícanse tamén os elementos accesorios necesarios par a súa instalación como tubaxes, elementos de ventilación e outros análogos, atendendo aos requirimentos deste novo dispositivo.



A modificación presentada non varía o destino ou finalidade da subvención, nin se prexudican dereitos de terceiros. Asemade, indicar que nesta convocatoria non foi preciso aplicar a base SEXTA, punto 6.1 das devanditas Bases reguladoras (criterios de concesión polo procedemento de concorrencia competitiva) ao ser obxecto de concesión de subvención tódalas solicitudes presentadas.

Dito o anterior e a vista das consideración técnicas e legais expostas tratase dunha actuación operativa posto que contén os elementos necesarios para acadar a finalidade a cal foi obxecto de subvención inicial.

Visto que o facultativa técnica do Servizo de Cooperación emitiu en data 27/03/2026, informe favorable de supervisión e control do documento descritiva das actuacións a levar a cabo (CSV: 92BFH66DSPAYTZMW).

Visto que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación deste expediente e **PROPOÑO** que se autorice a modificación da memoria relativa ao investimento “Mellora da climatización do baixo e primeiro andar da Casa da Fardoia” (expediente: 2025015884). Como consecuencia da modificación o orzamento redúcese ata os 9.689,25 euros que será o importe subvencionado. . Como consecuencia da modificación, a subvención deberá quedar condicionada a obtención da licenza de obras, sendo necesaria a súa remisión xunto coa xustificación.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto informe da Intervención provincial, de data 08/04/2026, favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de memoria técnica, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A modificación da memoria técnica da Asociación veciñal de Praderrei relativa ao investimento “Mellora da climatización do baixo e primeiro andar da Casa da Fardoia” no marco do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025 que ha de rexer a execución do investimento. Esta modificación implica o cambio na contía da subvención concedida no acordo da Xunta de Goberno de número 5.35766 de data 14/11/2025 e reduce o orzamento ata 9.989,25 € o cal implica que a contía de subvención concedida se reduza tamén ata dito importe, dado que a porcentaxe de



financiamento establecida no acordo de concesión é do 100% polo tanto. No novo orzamento se inclúen os gastos pola tramitación da licencia de obra e o Imposto sobre Construcións , Instalacións e Obras, por un importe global de 33,96 € os cales non poden ser subvencionados pon non ser conceptos tidos en conta no acordo de concesión da subvención. O cadro de financiamento da subvención establécese da seguinte maneira.

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
9.689,25 €	9.689,25 €	100 %

- Deixar en dispoñible no proxecto de gasto correspondente e na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07.2025 crédito por importe de 9.689,25 € euros con destino a nova proposta de inversión que pretende acometer a Asociación veciñal de Praderrei (CIF: G44862407).
- Lembrar que a, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025 (BOPPO: 20/12/2024), aprobadas na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024 e á demais lexislación vixente de subvencións, así como que a obra deberá estar executada e xustificada a día 14/05/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo á Asociación veciñal de Praderrei (CIF: G44862407), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

23.36929.- MODIFICACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA DA ASOCIACIÓN CULTURAL, VECIÑAL E AMBIENTAL FONTE DA SEÑEIRA DE COUSO-LÉREZ RELATIVA AO INVESTIMENTO “OBRAS DE MELLORA DE LOCAL SOCIAL” NO MARCO DO PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025.(EXPTE 2025014450)

ANTECEDENTES

Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 5.35766 de data 14/11/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan Provincia Comunitaria 2025, por importe de 7.949,46 euros á Asociación Cultural, Veciñal e Ambiental Fonte da Señeira de Couso-Lérez co obxecto do financiamento da actuación “Obras de mellora de local social” (expediente: 2025014450), en base a un orzamento de 7.949,46 euros.

En data 20/01/2026 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co rexistro número WEB2026003644, instancia da á Asociación Cultural, Veciñal e Ambiental Fonte da Señeira de Couso-Lérez, na que solicita a modificación da concesión da subvención concedida.

A entidade interesada achega documento de memoria modificada na que expón que: “O proxecto inicialmente presentado e aprobado no marco da convocatoria do Plan de acción comunitaria da Deputación de Pontevedra 2025 incluía, como parte das actuacións previstas , a mellora da cuberta lo local social mediante a colocación dunha cuberta de chapa metálica.



Con motivo da tramitación da correspondente licenza urbanística ante o concello de Pontevedra, púxose de manifesto a necesidade de adaptar a solución construtiva prevista ás determinacións establecidas no artigo 91.c) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, así como ao disposto no artigo 30.4 do Capítulo II do Plan Básico Autonómico, relativo á integración das edificacións no contorno, á adaptación ao ambiente e á protección da paisaxe.

En aplicación destas determinacións urbanísticas, indícase que a solución de cuberta metálica inicialmente prevista non resulta compatible coa normativa aplicable ás edificacións situadas en núcleo rural / solo rústico, polo que o remate da cuberta deberá ser en tella.

Analizadas as alternativas posibles, e tendo en conta capacidade económica da entidade beneficiaria, a asociación non pode asumir o sobre custo derivado da execución dunha nova cuberta en tella, polo que se propón como solución técnica viable e conforme ca normativa a mellora da impermeabilización da cuberta existente mediante a aplicación de pintura plástica impermeabilizante, mantendo a tipoloxía e sos materiais visibles da edificación.

A modificación proposta non altera finalidade nin os obxectivos do proxecto subvencionado mantén a coherencia coa actuación inicialmente aprobada e non supón incremento do importe da subvención concedida, axustándose ao disposto na disposición décimo sétima das bases reguladoras.”

Na nova memoria técnica indícanse con claridade os traballos a realizar e motívase a necesidade do cambio nas melloras substanciais sobre o proxecto inicial.

Polas características do investimento solicitado e segundo a lexislación vixente, é precisa a tramitación da correspondente licenza urbanística ou comunicación previa, a asociación comunica que ten iniciado o procedemento municipal de comunicación previa de obras.

Revisada a documentación, a solicitude compre os requisitos esixidos na base décimo sétima do programa Plan Provincia Comunitaria 2025, contando con informe de supervisión favorable da facultativa técnica de Servizo de Cooperación.

– FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan Provincia Comunitaria 2025.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan Provincia Comunitaria 2025, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 17ª do Plan Provincia Comunitaria 2025, reguladora da modificación da resolución de concesión.

CONCLUSIÓNS

A Asociación cultural, veciñal e ambiental Fonte da Señeira de Couso-Lérez presentou en prazo e forma a documentación necesaria para autorizar a modificación da memoria correspondente a actuación “Obras de mellora do local social” (expediente 2025014450) e para a cal foi concedida, no marco do Plan Provincia Comunitaria 2025 (BOPPO: 20/12/2024) unha subvención por importe de 7.949,46 euros.

A modificación presentada consiste, no cambio da cuberta metálica proposta nun principio por non ser compatible coa normativa aplicable ás edificacións situadas en núcleo rural/solo rústico e que obrigaría a rematar a cuberta con tella. A entidade beneficiaria non ten capacidade económica para asumir o sobrecusto que suporía adaptarse á normativa polo que propón unha solución técnica viable que é a impermeabilización da cuberta existente, mantendo a tipoloxía e os materiais visibles da edificación.

A modificación presentada non varía o destino ou finalidade da subvención, nin se prexudican dereitos de terceiros. Asemade, indicar que nesta convocatoria non foi preciso aplicar a base SEXTA, punto 6.1 das devanditas Bases reguladoras (criterios de concesión polo procedemento de concorrencia competitiva) ao ser obxecto de concesión de subvención tódalas solicitudes presentadas.

Polas características do investimento solicitado e segundo a lexislación vixente, é precisa a solicitude de licenza urbanística ou comunicación previa, procedemento que a asociación comunica xa ter iniciado.

Dito o anterior e a vista das consideración técnicas e legais expostas tratase dunha actuación operativa posto que contén os elementos necesarios para acadar a finalidade a cal foi obxecto de subvención inicial.



Visto que o facultativa técnica do Servizo de Cooperación emitiu en data 17/03/2026, informe favorable de supervisión e control do documento descritiva das actuacións a levar a cabo (CSV: XNFZK90V6IUSJMST).

Visto que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono que se autorice a modificación da memoria relativa ao investimento “Obras de mellora no local social” (expediente: 2025014450). Debido a esa modificación o orzamento redúcese ata os 7.436,53 euros que será o importe subvencionado.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto informe da Intervención provincial, de data 08/04/2026, favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de memoria técnica, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A modificación da memoria técnica da Asociación Cultural, Veciñal e Ambiental Fonte da Señeira de Couso-Lérez relativa ao investimento “Obras de mellora de local social” no marco do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025 que ha de rexer a execución do investimento. Esta modificación implica o cambio na contía da subvención concedida no acordo da Xunta da Goberno de número 5.35766 de data 14/11/2025 e reduce o orzamento ata 7.436,53 € o cal implica que a contía de subvención concedida se reduza tamén ata dito importe, dado que a porcentaxe de financiamento establecida no acordo de concesión é do 100% polo tanto, o cadro de financiamento da subvención establécese da seguinte maneira.

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
7.436,53 €	7.453,53 €	100 %



- Deixar en dispoñible no proxecto de gasto correspondente e na aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07.2025 crédito por importe de 7.436,53 € euros con destino a nova proposta de inversión que pretende acometer a Asociación Cultural, Veciñal e Ambiental Fonte da Señeira de Couso-Lérez (CIF: G02653699).
- Lembrar que a, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025 (BOPPO: 20/12/2024), aprobadas na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024 e á demais lexislación vixente de subvencións, así como que a obra deberá estar executada e xustificada a día 14/05/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo á Asociación Cultural, Veciñal e Ambiental Fonte da Señeira de Couso-Lérez (CIF: G02653699), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

24.36930.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COMUNIDADE DE AUGAS DO BARRIO DE CORTELLAS PARA O INVESTIMENTO “LEGALIZACIÓN DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE CORTELLAS” INCLUÍDO NO PROGRAMA +NOVAQUA 2025. (EXPTE. 2025015229)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 13.35754 de data 07 de novembro de 2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan +NOVAQUA 2025, por importe de 6.000,00 euros á comunidade de augas do barrio de Cortellas co obxecto do financiamento do investimento “legalización da comunidade de usuarios de Cortellas” en base a un orzamento polo mesmo importe. Expediente: 2025015229.

Terceiro.- En data 10/03/2026, dentro do prazo establecido na convocatoria, teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación (WEB2026018197), oficio da Comunidade de augas do barrio de Cortellas nos que xunta a documentación relativa ao investimento denominado “legalización da comunidade de usuarios de Cortellas” e demais documentación xustificativa e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 10/03/2026, o facultativo técnico de Cooperación presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: IYK93796FOGHIAOO.

Cuarto.- En data 06/04/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existen informes desfavorables da Intervención provincial de datas 3 de novembro de 2025 (CSV: QNUXWWGJACV2B8NG) e 14 de outubro do 2025



(CSV: OF1FXQSZQV5LJKHV), respecto á modificación de crédito que motivou a concesión das solicitudes en lista de agarda ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025 entre as que se atopaba a solicitude presentada pola Comunidade de augas do barrio de Cortellas.

Quinto.- Dado que a Comunidade de augas do barrio de Cortellas con CIF G36152031, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 6.000,00 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación e da intervención provincial de datas 11/03/2026 e 06/04/2026, respectivamente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade.

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 6.000,00 euros a favor da Comunidade de augas do barrio de Cortellas con CIF G36152031, ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á Comunidade de augas do barrio de Cortellas, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

25.36931.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA ESTACIÓN DE TREN DE PONTECESURES”. CONCELLO DE PONTECESURES. (EXPTE. 2022045433)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.



Segundo.- Na sesión do 2 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno adxudicou ao Concello de Pontecesures unha subvención a proxecto “Acondicionamento da contorna da estación de tren de Pontecesures” por un importe máximo de 16.226,10 € , equivalente ao 90% dunha estimación de gasto de 18.029,00 €. A subvención financiarase con cargo ás aplicacións 22/456.9420.762.10/21 e 22/456.9420.762.10.

Terceiro.- O 12 de decembro de 2023, mediante rexistro WEB2023067675, o Concello remitiu o proxecto técnico obxecto da subvención.

Cuarto.- O 22 de decembro de 2023, os servizos técnicos da Deputación emitiron informe de validación técnica favorable (CSV: W7JE5IYO1PQGTEL6).

Quinto.- O 11 de xuño de 2024, e tras requirimento previo do 7 de xuño, o Concello presentou fóra de prazo (rexistro WEB2024039158) a documentación xustificativa prevista nas bases 14ª e 15ª. Entre a documentación achegada figuraban: certificado de aprobación do proxecto, certificación de gastos, facturas, acreditación da difusión, certificación de concorrencia de axudas, conta xustificativa e informe de validación técnica.

Sexto.- O 29 de xullo de 2024 (rexistro WEB2024049158), o Concello completou a documentación requirida o 15 de xullo. Achegouse:

- Informe técnico municipal acreditativo do cumprimento dos requisitos da base 4ª.
- Documentación complementaria relativa ao certificado de aprobación, incluíndo informe técnico de Urbanismo, informe da Alcaldía, Addenda ao Convenio PON2030 e unha segunda versión do proxecto.

Sétimo.- O 3 de abril de 2025, os servizos técnicos emitiron informe (CSV: BJ6LJRCBIYJNQMS3) sobre o alcance das modificacións entre as dúas versións do proxecto, concluíndo que o certificado de aprobación do 29 de febreiro de 2024 (CSV DCO2UT7HMY5Z9WF7) é conforme coa versión final presentada.

Oitavo.- O 27 de xaneiro de 2026 a Xefatura do servizo de Infraestruturas e vías provinciais presta a súa conformidade a xustificación achegada, (CSV: TTZFOOZVTCGRWDEB), proponendo á Xunta de Goberno a súa aprobación por importe de 15.681,60 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022.

Noveno.- O 11 de febreiro de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de “FISCALIZADO E CONFORME” oa informe (CSV: KJ64R8KGPJGH5EYJ). respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes conclusións:

- Visto que o Concello de Pontecesures presentou, fora de prazo a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.



- Visto que se comprobou material e formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Consta dilixencia favorable de Intervención e informes técnicos que avalan a conformidade da xustificación.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito e a Xunta do Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial do gasto da subvención concedida ao Concello de Pontecesures para a redacción do proxecto “ Acondicionamento da contorna da estación de tren de Pontecesures” por importe de total de 15.681,60 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento provincial.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Pontecesures, a Intervención Provincial e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

26.36932.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE ENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ENTREHORTAS”. CONCELLO DE O GROVE. (EXPTE. 2022045067)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 21 de outubro de 2022 adxudicoulle ao Concello de O Grove unha subvención por un importe máximo de 21.235,50 euros (o que supón o 90% respecto dunha estimación de gasto de 23.595,00€) ao proxecto Humanización da rúa Entrehortas. O Grove . Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 26/456.9420.762.10/21 e 26/456.9420.762.10/22.

Terceiro.- En data 16 de abril de 2024 o Concello de O Grove remite o proxecto técnico:



- Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, referido a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, que comprenden todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

Cuarto.- En data 2 de maio de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica desfavorable respecto das bases.

Quinto.- En data 27 de xuño de 2024 o Concello de O Grove remite unha nova versión do informe técnico municipal unha vez realizada a emenda requirida.

Sexto.- En data 21 de outubro de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable respecto das bases co CSV: 25J29HT3XEKQY4W1.

Sétimo.- En data 22 de xaneiro de 2025 o Concello de O Grove remite documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora. Recibida en prazo a devandita documentación polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- Xustificación dos gastos:
 - o Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
 - o Aprobación dos gastos polo órgano municipal competente.
- Certificación da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- Certificado conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente.

Oitavo.-En data 14 de febreiro de 2025, o Concello de O Grove completa o envío de documentación xustificativa para o abono da subvención despois requirimento notificado o 29 de xaneiro de 2025 pola Deputación de Pontevedra. Constátase que esta contén, de acordo coas base décimo quinta, o seguinte:

- Certificado conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente.
- Conta xustificativa segundo modelo da Deputación de Pontevedra.
- Certificación do Concello onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto.

Noveno.- En data 10 de marzo de 2025 o Concello de O Grove contesta ao segundo requirimento de documentación xustificativa e aporta:

- Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.

Décimo.- En data 9 de febreiro de 2026, os servizos administrativos da Deputación de Pontevedra emiten informe (CSV: H6DV1PMRFX6KF4P) relativo á xustificación e abono da subvención.



Décimo primeiro.- En data 6 de marzo de 2026 o Servizo de Intervención require modificación do informe e indica que a aprobación do gasto debe seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Décimo segundo.- O 13 de marzo de 2026 a Xefatura do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe (CSV: YSHMCIEFT3ZEPGFA), propoñendo á Xunta de Goberno a aprobación do gasto por importe de 18.673,41€, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022.

Décimo terceiro.- O 1 de abril de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de “FISCALIZADO E CONFORME” ao informe (CSV: YSHMCIEFT3ZEPGFA) respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 23.595,00 euros. O Concello do Grove xustificou finalmente un gasto total de 20.748,23 euros e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 18.673,41 euros.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que o Concello do Grove presentou en prazo a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que se comprobou fora de prazo polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Consta dilixencia favorable de Intervención e informes técnicos que avalan a conformidade da xustificación.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito e a Xunta do Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial do gasto da subvención concedida ao Concello do Grove para a redacción do proxecto “Humanización da rúa Entrehortas” por importe de total de 18.673,41 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento provincial.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O Grove, a Intervención Provincial e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



27.36933.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS EXTREMADURA, RIOXA E VALENCIA”. CONCELLO DE O GROVE. (EXPTE. 2022045070)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 21 de outubro de 2022 adxudicoulle ao Concello de O Grove unha subvención por un importe máximo de 21.235,50 euros (o que supón o 90% respecto dunha estimación de gasto de 23.595,00€) ao proxecto Humanización das rúas Extremadura, Rioxa e Valencia. O Grove. Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 26/456.9420.762.10/21 e 26/456.9420.762.10/22.

Terceiro.- En data 16 de abril de 2024 o Concello de O Grove remite o proxecto técnico:

- Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, referido a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, que comprenden todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

Cuarto.- En data 2 de maio de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica desfavorable respecto das bases.

Quinto.- En data 27 de xuño de 2024 o Concello de O Grove remite unha nova versión do informe técnico municipal unha vez realizada a emenda requirida.

Sexto.- En data 21 de outubro de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable respecto das bases co CSV: K4IZ1K5ZHU6D3N8S.

Sétimo.- En data 22 de xaneiro de 2025 o Concello de O Grove remite documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora. Recibida a devandita documentación en prazo polo Servizo Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:



- Informe dunha técnica ou técnico municipal no que se acredite que o proxecto cumpre os requisitos de carácter técnico establecidos na base reguladora cuarta e se corresponde coa memoria presentada coa solicitude.
- Certificado conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente.
- Xustificación dos gastos:
 - o Certificación do Concello onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto.
 - o Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
 - o Certificado acreditativo da aprobación das facturas por parte do órgano municipal competente.
- Certificación da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- Conta xustificativa segundo modelo da Deputación de Pontevedra.

Oitavo.- O 30 de xaneiro de 2025 enviase requirimento para emendar a documentación xustificativa. Achégase a documentación requirida o 14 de febreiro de 2025.

Noveno.- O 26 de febreiro de 2025 notificase un novo requirimento sobre a difusión da subvención, o cartel da obra recibido o 14 de febreiro de 2025 pertence a outra liña de subvención. O Concello remite subsanación o día 10 de marzo 2025.

Décimo.- En data 9 de febreiro de 2026, os servizos administrativos de Infraestruturas e Vías Provincias emiten informe (CSV: H6DV1PMRFXX6KF4P) relativo á xustificación e abono da subvención.

Décimo primeiro.- En data 6 de marzo de 2026 o Servizo de Intervención require modificación do informe e indica que a aprobación do gasto debe seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Décimo segundo.- O 13 de marzo de 2026 a Xefatura do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe (CSV: HT39OREZU36H4HEF), proponendo á Xunta de Goberno a aprobación do gasto por importe de 18.673,41€, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022.

Décimo terceiro.- O 1 de abril de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de “FISCALIZADO E CONFORME” ao informe (CSV: HT39OREZU36H4HEF) respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 25.410,00 euros. O Concello de O Grove xustificou finalmente un gasto total de 20.748,23 euros e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 18.673,41 euros.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:



- Visto que o Concello de O Grove presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que se comprobou fora de prazo a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Consta dilixencia favorable de Intervención e informes técnicos que avalan a conformidade da xustificación.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito e a Xunta do Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial do gasto da subvención concedida ao Concello do Grove para a redacción do proxecto “Humanización das rúas Extremadura, Rioxa e Valencia. O Grove” por importe de total de 18.673,41 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento provincial.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O Grove, a Intervención Provincial e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

28.36934.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS(EXPTEs: 2026027998, 2026028021, 2026028084)

a) Vista a relación de operacións con número 2026027998 (CSV: X9IDOIYYJ7667NK4) que contén 10 operacións por un importe de 13.186,85 euros visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	13.186,85 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	13.186,85 €



b) Vista a relación de operacións con número 2026028021 (CSV: XXX4P5CBZ87F1S0N), que contén 6 operacións por un importe de 3.314,38 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.564,22 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	249,84 €
Total líquido	3.314,38 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026028084 (CSV: Y3RO53BDT6YO503W) que contén 1 operacións por un importe de 147,71 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	147,71 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	147,71 €

29.36935.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTATÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2026. (EXPTÉ. 2026029095)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.



Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2026*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2026*” que se achegan no expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2026*” (CSV: PW7R7P5XZLQ8SL4G) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2026*” (CSV: PD9N1E0Z0ORKDDXL), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

30.36936.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE MONDARIZ PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E VESTIARIO” DO CONCELLO DE MONDARIZ, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025.(EXPTE. 2025067498)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 09 de outubro de 2025 Noelia Alfaya Vázquez, en representación da BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE MONDARIZ (NIF: G36292746) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais e vestiario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 3.044,76 €

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE MONDARIZ, do concello de Mondariz (NIF: G36292746) unha subvención de 842,00 € para “Adquisición de instrumentos musicais e vestiario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 28 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026005152, a BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE MONDARIZ de Mondariz presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non ter liquidez para poder facer a inversión inicial e posteriormente poder xustificar a axuda concedida.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE MONDARIZ (NIF: G36292746) documento con CSV: 4N4XGGSIPR0VQDLA.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE MONDARIZ (NIF: G36292746) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 842,00 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos musicais e vestuario” (documento co CSV: NEDKLYS24R55NI7G).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

31.36937.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. MASA CORAL MOAÑESA PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE VESTIARIO” DO CONCELLO DE MOAÑA, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025.(EXPTE. 2025064911)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 26 de setembro de 2025 Carlos Piñeiro Fervenza, en representación da ASOC. MASA CORAL MOAÑESA (NIF: G36041952) presenta solicitude para “Adquisición de vestuario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.949,00 € (sen IVE).



Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOC. MASA CORAL MOAÑESA, do concello de Moaña (NIF: G36041952) unha subvención de 505,20 € para “Adquisición de vestuario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 27 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026004936, a ASOC. MASA CORAL MOAÑESA de Moaña, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de obter facturas dentro do ano 2025.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC. MASA CORAL MOAÑESA (NIF: G36041952) documento con CSV: I8QYLUN3XTYGPM5I.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos



que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOC MASA CORAL MOAÑESA (NIF: G36041952) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 505,20 € para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV: OWBL1I3VY0GTLF5H).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

32.36938.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA AGRUP. BAILE E PANDERETEIRAS SEIXEBRA PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE MORAÑA, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE. 2025067496)

Antecedentes:



Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 09 de outubro de 2025 Lucía villaverde Oubel, en representación da AGRUP. BAILE E PANDERETEIRAS SEIXEBRA (NIF: G36353936) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 786,50 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á AGRUP. BAILE E PANDERETEIRAS SEIXEBRA, do concello de Moraña (NIF: G36353936) unha subvención de 336,80 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 26 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026004726, a AGRUP. BAILE E PANDERETEIRAS SEIXEBRA de Moraña, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non ter orzamento para pagar a parte que lle corresponde para dita adquisición.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola AGRUP. BAILE E PANDERETEIRAS SEIXEBRA (NIF: G36353936) documento con CSV: XRSCY0FM55EB8A1S.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola AGRUP. BAILE E PANDERETEIRAS SEIXEBRA (NIF: G36353936) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 336,80 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos musicais” (documento co CSV: 986CNYBIBXP1G9RI).



Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

33.36939.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL SONS DO PETO PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTO MUSICAL” DO CONCELLO DE O CAMPO LAMEIRO APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025. (EXPT. 2025067436)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 08 de outubro de 2025 Javier Silva Prieto, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL SONS DO PETO (NIF: G72497480) presenta solicitude para “Adquisición de instrumento musical”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 726,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL SONS DO PETO, do Concello de O Campo Lameiro (NIF: G72497480) unha subvención de 168,40 € para “Adquisición de instrumento musical” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 26 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026004766, a ASOCIACIÓN CULTURAL SONS DO PETO de O Campo Lameiro, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque o material adquirido supuxo un custo menor por aportacións externas.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL SONS DO PETO (NIF: G72497480) documento con CSV: D7S90L87RWN2HPBH.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.



- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Resultando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Rectificar o citado acordo da Xunta de goberno de data 13 de febreiro de 2026 no seguinte senso:



Onde di:

LOTE 1 - Equipos de escaneado para posta de usuario Citrix

INFORHOUSE S.L. (B36112803)

Prezo sen IVE	26.575,00 €
IVE (21%)	5.580,75 €
Prezo total con IVE	31.155,75 €

Debe dicir:

LOTE 1 - Equipos de escaneado para posta de usuario Citrix

INFORHOUSE S.L. (B36112803)

Prezo sen IVE	26.575,00 €
IVE (21%)	5.580,75 €
Prezo total con IVE	32.155,75 €

41.36947.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA COPA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026.(EXPTE. 2026012891)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, no que se incluía unha asignación de 120.000,00 € á Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Segundo.- En data 06/03/2026 A Vicepresidenta Segunda da inicio ó expediente para a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol, para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2026.

Terceiro.- En data 13/03/2026 informase por parte do servizo de deportes da memoria xustificativa da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 10/04/2026 da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.



Por outra banda, no seu artigo 51 ás federacións deportivas galegas coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón que entre os seus obxectivos esta o de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva en exclusividade, neste sentido a Lei confírelle ás federacións funcións delegadas públicas de carácter administrativo que se recollen no artigo 56, entre estas funcións podemos destacar a de colaborar coas administracións públicas na promoción das súas respectivas modalidades e a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.

A mencionada Lei, define no seu artigo 19 as competicións oficiais de ámbito autonómico coma as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial e no seu apartado 2 indica que estas serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa.

Quinto.- No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2026, co seguinte contido:

***“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA COPA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026*”**

En Pontevedra

REUNIDOS

Luis López Diéguez, Presidente da Deputación de Pontevedra actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Pablo Prieto Perille, Presidente da Real Federación Galega de Fútbol, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

Dando fe do acto, por delegación de competencias mediante Resolución presidencial nº2026002662 de 1 de abril de 2026, Dona Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria da Deputación de Pontevedra.



Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro. *Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

Segundo. *Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36.d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.*

Terceiro. *Que entre os obxectivos que inclúe a Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia (Lei do Deporte de Galicia), no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:*

- *Fomentar, promover e difundir o deporte.*
- *Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.*
- *Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.*

Cuarto. *Que entre as funcións das federacións, a lei do Deporte de Galicia no seu artigo 56 encoméndalle a organización das competicións oficiais autonómicas ás federacións, así como, colaborar coas administracións públicas na promoción das respectivas modalidades.*

Quinto. *Que o deporte éríxese hoxe en día tanto como unha actividade enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal, como un importante instrumento de cohesión social, un eficaz vehículo para a transmisión de valores e un sólido elemento de impulso económico, consolidándose durante a crise sanitaria como unha actividade esencial para os españois.*

Sexto. *Que a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol queren coa Copa Deputación de Pontevedra masculina e feminina reforzar esta competición dándolle un carácter oficial que fai que os clubs e os propios deportistas estean protexidos por unha normativa e unha oficialidade necesaria para a continuidade da mesma.*

Sétimo. *Que ambas entidades acordan colaborar para garantir a continuidade desde evento, asumindo a Federación a organización e dirección dos aspectos técnicos e deportivos, en coordinación coa Deputación de Pontevedra da “Copa Deputación de Pontevedra”.*

Oitavo. *Deste xeito, e sendo de interese para as partes que a Copa Deputación de Pontevedra siga levándose a cabo, fomentando o deporte e a modalidade de fútbol na provincia de Pontevedra,*



ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra feminina e masculina 2026 (en diante aparecerá denominado como "convenio") con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer e regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e a realización da Copa Deputación feminina e masculina de Pontevedra 2026.

Segunda. Equipos participantes

Teñen o dereito a participar nesta competición masculina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría afeccionados de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador. De non participar o equipo principal ou patrocinador unicamente poderá inscribirse un único equipo coa condición de filial ou dependente do club.

Teñen o dereito a participar na competición feminina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría sénior feminino de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.

As entidades solicitantes deberán declarar, xunto coa solicitude, que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Galega, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Participar na organización do evento no que atinxe á determinación conxunta ca Federación dos requisitos de participación, calendario, probas deportivas e determinación dos premios.
- Abonar os premios a cada un dos clubs participantes en relación ás rondas gañadas na Copa Deputación de Pontevedra, estes premios estableceranse de acordo ao Anexo I, no que se detalla o importe para cada club segundo a posición acadada na copa.
- Sufragar os gastos asociados ás arbitaxes das finais masculina e feminina da Copa Deputación de Pontevedra, cun importe total de 383,00 €. O devandito importe abonarase unha vez presentada a xustificación das arbitaxes por parte da Real Federación Galega de Fútbol."

Cuarta. Obrigas da Federación

A Real Federación Galega de Fútbol comprométese a:

- Organizar e coordinar todos os aspectos regulamentarios e de participación da Copa Deputación de Pontevedra, como poden ser a inscrición dos clubs, o sorteo, o calendario e a designación de sedes e arbitaxes.
- Fomentar e facilitar a participación dos club de fútbol da provincia de Pontevedra na Copa Deputación de Pontevedra.
- Abonar as cantidades aos equipos participantes en concepto de participación, definidas na cláusula sexta do convenio.



- *Responsabilizarse de calquera incidencia que poda xurdir na participación dos clubs na Copa Deputación de Pontevedra.*
- *Cumprir cos requisitos que marca a lexislación vixente para os organizadores de competicións oficiais.*
- *Realizar a Copa Deputación de Pontevedra baixo os principios de igualdade, transparencia, respecto, xogo limpo e seguridade.*
- *Informar aos equipos participantes do convenio e os requisitos para poder solicitar os premios.*
- *Proporcionar un certificado federativo que indique a posición obtida por cada equipo e a fase na que foi eliminado. Este certificado poderá incluír de forma conxunta aos equipos eliminados nas distintas fases da competición.*

Quinta. Financiamento da Deputación de Pontevedra

Os importes das arbitraxes das finais feminina e masculina da Copa Deputación de Pontevedra e dos premios abonados pola Deputación de Pontevedra financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.07, cun importe máximo de 120.000,00 €.

En todo caso, o importe total das arbitraxes das finais e dos premios aos que se compromete a Deputación de Pontevedra coa firma deste convenio non poderá superar os 120.000,00 €. No caso de que se supere esa cantidade, os premios serán reducidos proporcionalmente.

Sexta. Importe por participación

A Real Federación Galega de Fútbol aboará a cantidade de 46.750,00€, tanto para os clubs femininos, coma para os masculinos, en concepto de participación na Copa, sendo os importes os seguintes:

- *Preferente: 400 euros*
- *Primeira Futgal: 400 euros.*
- *Segunda e Terceira Futgal: 250 euros.*
- *Primeira Feminina: 400 euros.*
- *Segunda e Terceira Feminina: 250 euros.*

Sétima. Importe dos premios

A Deputación de Pontevedra aboará os premios, acordados entre a Real Federación Galega de Fútbol e a Deputación de Pontevedra para a presente edición da Copa Deputación, que se detallan no Anexo I do presente Convenio, onde se explica o sistema de asignación e os importes correspondentes.

Os importes dos premios para cada eliminatoria dentro de cada fase serán iguais para homes e mulleres.

Os premios ás entidades participantes, establecidos en función dos resultados nas distintas rondas, terán a natureza xurídica de subvención, conforme aos criterios establecidos na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Oitava. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As entidades participantes terán como prazo máximo para solicitar o premio o 5 de xuño. Os equipos que non presenten a solicitude dentro do prazo establecido quedarán excluídos da posibilidade de recibir o premio.



As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Novena. Comprobación de datos

Para tramitar as solicitudes consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes.
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade.

Para as entidades finalistas ao superar o premio o importe de 3.000 euros:

- Comprobación de estar ao corrente de pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Galega, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Decima. Notificación electrónica

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Decima primeira. Procedemento e resolución

O procedemento para a concesión dos premios poderá realizarse por fases, en función de que a federación presente os certificados de resultados dunha ou varias fases, ou ao final da competición, co certificado final. Nos certificados, deberá indicarse a fase na que foi eliminado cada club para poder establecer e verificar o premio acadado, que se determinará conforme ao sistema de asignación establecido no Anexo I.

As propostas de resolución dos premios e o seu abono serán elevadas ao órgano competente para a súa aprobación e abono.

Décima segunda. Pago dos premios

O pago dos premios efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude, que deberá estar a nome da entidade solicitante. Para este trámite, terase en conta a declaración de que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Galega, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, presentada no momento de solicitar o premio.

Decima terceira. Xustificación e pago das arbitaxes



Para o pago das arbitraxes a Real Federación Galega de Fútbol deberá presentar a xustificación das arbitraxes cuxo prazo finalizará o 30 de setembro de 2026.

A Real Federación Galega de Fútbol deberá presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- **Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos**
Na xustificación de gastos, relacionaranse os importes correspondentes as arbitraxes das finais da Copa Deputación de Fútbol.
- **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.
- **Xustificante do pagamento.**

Décima cuarta. Comisión de seguimento

Para o seguimento do grao de execución do convenio e a resolucións de controversias que a súa interpretación poida motivar poderase crear unha comisión de seguimento, se non será o servizo xestor o encargado de seguir o cumprimento do convenio .

Décima quinta. Responsabilidades

A Real Federación Galega de Fútbol, exime de toda responsabilidade á Deputación de Pontevedra, en calquera circunstancia na que se poida incorrer na participación dos equipos e dos deportistas como consecuencia da realización da competición prevista no presente convenio, dada a oficialidade da competición.

Décima sexta. Entrada en vigor e vixencia do convenio

A vixencia deste convenio entenderase dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de xullo de 2026, unha vez finalizadas as obrigas das partes previstas no presente convenio. En calquera caso os efectos económicos do convenio estarán vixentes ata a formalización dos pagos dos importes correspondentes a os premios e aos arbitraxes das finais.

Décima sétima. Extinción e efectos da resolución dos convenios

O presente acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Décima oitava. Rexistro de convenios e remisión ao Consello de Contas

En aplicación da Resolución presidencial de aprobación da instrución para a tramitación dos convenios, no seu apartado 7 dispón que todos os convenios formalizados pola Deputación inscribíranse nun rexistro de convenios, dependente da Secretaría Xeral, accesible na plataforma de xestión de expedientes da Deputación.

Correspóndelle á Unidade Responsable de Transparencia darlle cumprimento aos requirimentos sobre publicidade activa de convenios de colaboración que establece o Regulamento de transparencia e acceso á información da Deputación de Pontevedra.

Correspóndelle á Intervención provincial, a partir dos datos do rexistro de convenios, a remisión electrónica dos importes dos premios acadados polas entidades ao Consello de Contas, de acordo co procedemento establecido na Resolución presidencial núm. 2017008767, de 3 de maio de 2017, e no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Décima novena. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésima. Réxime xurídico e lexislación aplicable

O presente Convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, será de aplicación o disposto no propio acordo, e na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o resto do ordenamento xurídico e a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os premios ás entidades participantes terán natureza xurídica de subvención, polo que ademais da normativa referida, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos do presente acordo. En caso de non ser posible unha solución amigable, e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver devanditas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade asíñase o presente convenio dixitalmente polas partes.

ANEXO I – PREMIOS

SISTEMA

Os premios da Copa Deputación asíñanse segundo o progreso dos equipos no torneo. Nas roldas iniciais, ofrécese un importe fixo tanto para os equipos que avancen como para os que queden eliminados. A medida que os equipos avanza na fase final, os premios aumentan progresivamente, cos maiores premios para os primeiros clasificados.



Este sistema busca premiar o rendemento dos equipos e asegurar a igualdade en todas as fases da competición. A Copa desenvólvese en dúas fases: a fase previa e a fase final.

FASE PREVIA

Os equipos que xoguen a fase previa percibirán o importe correspondente en función das rondas que xoguen. Os importes por ronda serán os seguintes:

<i>Ronda previa</i>	<i>150,00€</i>
<i>Primeira eliminatoria</i>	<i>250,00€</i>

** Os clubs percibirán o mesmo importe por pasar que por quedar eliminados en calquera das dúas rondas.*

FASE FINAL

Os importes para cada ronda serán os seguintes:

<i>Treintaidosavos de final (1/32)</i>		<i>350,00 €</i>
<i>Dieciseisavos de final (1/16)</i>		<i>450,00€</i>
<i>Octavos de final (1/8)</i>		<i>550,00 €</i>
<i>Cuartos de final (1/4)</i>		<i>650,00 €</i>
<i>Semifinais</i>	<i>Non clasifica</i>	<i>800,00 €</i>
	<i>Clasifica</i>	<i>900,00 €</i>
<i>Final</i>	<i>2º clasificado</i>	<i>1.500,00 €</i>
	<i>1º clasificado</i>	<i>3.000,00 €</i>

** Nas rondas de treintaidosavos de final (1/32) ata cuartos de final (1/4) os clubs percibirán o mesmo importe tanto por avanzar como por quedar eliminados.*

42.36948.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO PROGRAMA DEPORTIVO “ENTRE PONTES TRAIL & RUNNING” DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2026001111)

Resultando.- Que de conformidade coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o seu artigo 36. d) atribúe ás deputacións provinciais, como competencia propia, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Así mesmo, o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Pola súa banda, a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, dispón que as deputacións provinciais, nos termos previstos nesta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial competencias tales como: fomentar, promover e difundir o deporte; colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas; así como calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Resultando.- Que co fin de acadar ditos obxectivos, a Deputación de Pontevedra leva a cabo unha serie de actividades de dinamización, de fomento e de promoción do deporte, entre as que se inclúe o programa deportivo *Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra*, co que se pretende promover a práctica deportiva e a actividade física saudable desde un enfoque de deporte para todas e todos.

Resultando.- Que posto que na actualidade o servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra non dispón de medios persoais e materiais propios suficientes para asumir con garantías técnicas, de seguridade e de produción a totalidade das prestacións, obxecto resultando necesaria a contratación externa especializada.

Resultando.- Que visto que con data 04 de marzo de 2026, a Intervención emite documento RC, polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Nº documento contable	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
2026	12026000045637	26/340.3410.227.99	280.379,76 €

Resultando.- Que, con data 12 de marzo de 2026 e CSV: L5BLG3AE6UYMQQO9, a xefa do servizo de Deportes, emite providencia na que, co visto e prace da deputada delegada, propón a contratación do “programa deportivo *Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra*”. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 24 de marzo de 2026 e CSV: 1DCKW1QK67XR6BIO, e as observacións contidas no mesmo.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que, con data 10 de abril de 2026 e CSV: 587IZ1ZQS9XXN3BU, a Intervención emite informe favorable, agás no relativo á observación nº 2 abaixo sinalada, no cal se formulan as seguintes observacións e recomendacións:

“1. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto



do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.

2. A estimación dos custos salariais non se xustifica debidamente posto que para a súa determinación no orzamento base de licitación, debe detallarse a correspondente desagregación de xénero e categoría profesional a partir do convenio laboral de referencia, de acordo coa previsión do art. 100.2 da LCSP.

3. A xuízo desta Intervención, dada a gratuidade de tódalas actividades do programa, estímase que o coste destinado á contratación do servizo de restauración asociado á celebración de cada xornada deportiva (Lote 2) e moi elevado e semella non aliñado cos principios de economía e eficiencia na xestión dos recursos públicos.”

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 13 de abril de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado de servizos, en relación ao lote nº 1, e administrativo de servizos no lote nº 2, incluídos no Anexo IV. Asemade, encádrase no tipo previsto no artigo 312 LCSP, regulador dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que segundo o disposto no artigo 312 da LCSP, onde se regulan as especialidades dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía que determina, entre outros aspectos, a necesidade de establecer o réxime xurídico regulador do servizo.

Considerando.- Que tendo en conta o disposto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante.

Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Considerando-. Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra*”. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 280.379,76 € (IVE engadido), para un máximo de 6 xornadas, desagregado por lotes como segue:

Nº lote	Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
1	173.279,63 €	36.388,72 €	209.668,35 €
2	58.439,18 €	12.272,23 €	70.711,41 €
TOTAL	231.718,81 €	48.660,95 €	280.379,76 €

Esta contratación fórmulase en base a prezos unitarios, concretándose o orzamento máximo de licitación unitario por xornada e lote como segue:

<i>Lote nº 1. Servizo deportivo</i>			
	Prezo unitario, sen IVE	IVE (21 %)	Prezo unitario, IVE engadido
Fase de arranque do programa (Bloque A)	5.898,90 €	1.238,77 €	7.137,67 €
Prezos por cada xornada (6)			
Carreira 10k			
Actuacións previas, execución, peche e memoria final (Bloque B-C-D)	26.614,07 €	5.588,95 €	32.203,02 €
Trail 14k			
	29.179,52 €	6.127,70 €	35.307,22 €
<i>Lote nº 2. Servizo de restauración móbil</i>			
	Prezo unitario, sen IVE	IVE (21 %)	Prezo unitario, IVE engadido



Fase de arranque do programa (Bloque A)	4.400,80 €	924,17 €	5.324,97 €
Prezos por cada xornada (6)			
Actuacións previas, execución, peche e memoria final (Bloque B-C-D)	9.006,40 €	1.891,34 €	10.897,74 €

O réxime xurídico ao que fai referencia o artigo 312 LCSP determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa deportivo “Entre Pontes Trail & Running” (RP nº 2026002382, de data 24 de marzo de 2026), constituíndo estas o réxime xurídico regulador das prestacións en favor dos administrados, xunto coas previsións contempladas no PPT.

O valor estimado é de 231.718,81 euros, desagregado por lotes:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
Orzamento base de licitación, sen IVE:	173.279,63 €	58.439,18 €	231.718,81 €
TOTAL:	173.279,63 €	58.439,18 €	231.718,81 €

O prazo de duración do contrato será de un (1) ano, a contar desde a data de formalización. O prazo de execución das seis (6) xornadas do programa prevese, con carácter estimativo, entre os meses de xuño e decembro de 2026, sen prexuízo das adaptacións de calendario que poidan resultar necesarias por razóns organizativas, autorizacións, condicionantes ambientais, meteorolóxicos ou outras circunstancias debidamente xustificadas, nos termos previstos no PPT.

Non se contemplan prórrogas para esta contratación.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 91B8OSU888LJHDDH) e de prescricións técnicas (CSV: VFAMS3G7IT7GPKQZ) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 280.379,76 euros, conforme ao seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/340.3410.227.99	280.379,76 €

4.- Nomear responsable do contrato ao xefe de sección do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



43.36949.-.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

44.36950.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

45.36951.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Vicesecretaría que dou fe.

